

I. DISPOSICIÓN XERAIS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade de diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 25 de abril de 2020.

O Centro de Coordinación Operativa (Cecop), na súa reunión do 25 de abril de 2020, adoptou os seguintes acordos:

«O Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 declarou a situación de emerxencia sanitaria de interese galego e activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia coa conseguinte asunción de todas as actividades de emerxencia polo titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue.

A activación do Plan implicou a constitución do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), co obxecto de garantir o funcionamento e a operatividade do Plan.

O acordo do Consello da Xunta de Galicia prevé que para o desenvolvemento do Plan se poderán ditar ordes e instrucións que afecten dereitos da cidadanía nos termos establecidos polas leis, así como adoptar medidas de obrigado cumprimento para os seus destinatarios e destinatarias, conforme o que se dispoña se así o aconsellan as necesidades da emerxencia e dos bens que hai que protexer.

En particular, habilitase o Cecop para revisar ou adaptar ás circunstancias as previsións establecidas no acordo.

Tendo en conta o exposto, o Centro de Coordinación Operativa, na súa reunión do 25 de abril de 2020,

ACORDA:

Primeiro. *Aprobación do Protocolo de medidas preventivas fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía*

A aparición e evolución do coronavirus SARS-CoV-2 exige a adopción de medidas preventivas que deben ser adoptadas segundo as instrucións dos órganos competentes da Consellería de Sanidade.



No ámbito da Administración da Xunta de Galicia ditouse un Protocolo de actuación no cal se fixan as pautas de funcionamento que debe seguir o persoal empregado público en relación co coronavirus (Resolución do 12 de marzo de 2020, DOG número 49 bis, do 12 de marzo).

No citado protocolo establécense previsións para o persoal que presta os seus servizos nas oficinas que ofrecen atención presencial á cidadanía.

No Protocolo de medidas preventivas fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía, que se presenta ao Cecop, actualízanse as medidas referidas ás oficinas de atención á cidadanía para compatibilizar a adecuada prestación do servizo público coa máxima protección da saúde dos traballadores que realizan esa tarefa.

O obxecto do protocolo é establecer as medidas preventivas necesarias para realizar a atención ao público de xeito presencial coas máximas garantías de cara a prever os riscos de contaxio polo coronavirus SARS-CoV-2.

Neste sentido, o protocolo realiza unha avaliación da exposición ao risco polo coronavirus no servizo de atención ao público e marca as necesarias medidas de organización do traballo, medidas de protección colectiva e medidas hixiénicas que se deben implementar co obxectivo de garantir a máxima protección fronte aos riscos de infección ante o coronavirus e impedir a súa diseminación.

O Cecop acorda aprobar o protocolo, que se recolle como anexo I deste acordo.

Segundo. Acordo do Cecop sobre servizo de recollida no local e consumo a domicilio de comida nos establecementos de restauración

No Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, adoptouse a seguinte medida:

“Oitavo. Os establecementos de restauración, como cafetarías, bares e restaurantes, permanecerán cerrados ao público e poderán prestar exclusivamente servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio.

A permanencia nestes establecementos deberá ser a estritamente necesaria. En todo caso, evitanse aglomeracións e controlarase que consumidores e empregados manteñan a distancia de seguridade establecida co fin de evitar posibles contaxios”.



Polo tanto, no acordo recóllese tanto a prestación do servizo de entrega a domicilio como a recollida no local para consumo en domicilio.

Con posterioridade, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no seu artigo 10.4, prevé:

“4. Suspéndense as actividades de hostalaría e restauración, e poden prestarse exclusivamente servizos de entrega a domicilio”.

A disposición derradeira primeira do real decreto, Ratificación das medidas adoptadas polas autoridades competentes das administracións públicas, expresa:

“1. Quedan ratificadas todas as disposicións e medidas adoptadas previamente polas autoridades competentes das comunidades autónomas e das entidades locais con ocasión do coronavirus COVID-19, que continuarán vixentes e producirán os efectos previstos nelas, sempre que resulten compatibles con este real decreto (...)”.

A medida adoptada no acordo do Consello da Xunta de Galicia, ademais, foi trasladada ao Ministerio de Sanidade, de acordo co disposto na normativa estatal, sen que se recibise indicación ningunha sobre a existencia dunha eventual contradición coa normativa estatal por parte deste ministerio como autoridade delegada competente.

Nun primeiro momento, o propio Ministerio de Industria, Comercio e Turismo mantivo unha interpretación ampla do precepto dado que na súa páxina web se indicou que, ademais de realizar o servizo de entrega a domicilio, os establecementos de restauración podían tamén facer entrega no propio establecemento garantindo as medidas recomendadas de distancia e hixiene. Realizouse, polo tanto, unha interpretación coherente coa medida adoptada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo. Desta interpretación fixéronse eco diversos medios de comunicación.

Porén, actualmente, na web do Ministerio (<https://www.mincotur.gob.es/es-es/COVID-19/Paginas/Contacto-Comercio-Covid19.aspx>) figura a seguinte pregunta e resposta:

“Nos bares e restaurantes, pode recollerse comida para levala a domicilio?”

As xeadarías artesás poden elaborar xeado envasado e abrir, pero soamente para recoller pedidos que se fixesen previamente ou ben na venda a domicilio?”



De acordo co artigo 10.4 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, suspéndense as actividades de hostalaría e restauración e límitase o seu servizo unicamente á entrega a domicilio. Nese sentido o anexo do real decreto recolle unha relación de equipamentos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida de acordo co disposto no artigo 10.

A venda presencial de produtos de alimentación debe limitarse aos supostos recollidos no artigo 10.1, é dicir, a aqueles establecementos comerciais retalistas cuxa actividade sexa precisamente a venda de alimentación e bebidas. A recollida na tenda, por tanto, só pode realizarse nos establecementos comerciais retalistas autorizados polo artigo 10.1”.

Noutra pregunta e resposta figura o seguinte:

“Os restaurantes, cafetarías poden vender comida para levar, pero só servizo a domicilio?”

As actividades de hostalaría e restauración poden prestarse exclusivamente mediante servizo de entrega a domicilio, en virtude do artigo 10.4 do Real decreto 463/2020 e do Real decreto lei 10/2020”.

Por parte de diversos interesados foron trasladadas dúbidas á Administración autonómica sobre a vixencia e compatibilidade coa normativa estatal da posibilidade da recollida de comida para levar no caso de establecementos de restauración.

A Administración autonómica entende e interpreta que debe permitirse a recollida da comida preparada no local, sempre que se cumpran os requisitos e protocolos establecidos polas autoridades sanitarias.

Deben terse en conta, en particular, os seguintes argumentos:

– O que se pretende evitar, en todo caso, é o consumo no local, non a preparación de comida.

– Así, aos establecementos de restauración permíteselles continuar abertos para preparar comida.

– Os desprazamentos dos cidadáns para recoller alimentos están claramente permitidos polo propio artigo 7 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, “Limitación da liberdade de



circulación das persoas”, que expresa: “1. Durante a vixencia do estado de alarma as persoas unicamente poderán circular polas vías ou espazos de uso público para a realización das seguintes actividades (...): a) Adquisición de alimentos (...).

– Polo tanto, se un cidadán non ten restrinxida a liberdade de circulación para adquirir alimentos, non resulta posible nin coherente limitarlle a posibilidade de adquirir eses alimentos nun establecemento de restauración que ten expresamente permitida a elaboración de comida, cando, para maior abastanza, no caso doutros establecementos que tamén teñen permitida a elaboración de comida como, singularmente, os establecementos de comida preparada, é admisible tanto que presten o servizo de entrega a domicilio como de recollida no propio establecemento, tal e como indica o ministerio na súa web.

Neste sentido, na web antes citada a pregunta e resposta é:

“Os establecementos de comida preparada (que non teñen epígrafe na CNAE), poden despachala no mesmo local pero cumprindo requisitos de non aglomeración, respectando o metro de distancia (de forma orientativa 4 clientes por cada 10 m² de superficie).

Segundo o artigo 10.1 e 10.2, permítese o comercio retalista de alimentación (sen especificar tipos ou preparación dos alimentos), evitado aglomeracións e mantendo a distancia de seguridade entre consumidores e empregados de, ao menos, un metro”.

– Non pode utilizarse como argumento restritivo desta posibilidade un suposto criterio limitador da liberdade de movemento consistente na limitación de desprazamentos innecesarios, dado que non sería proporcionado nin coherente manter que os cidadáns poden desprazarse para adquirir alimentos con carácter xeral, incluída a comida preparada, e polo contrario impedir a adquisición de alimentos en establecementos de restauración.

– Non parece tampouco proporcionado utilizar como criterio que xustifica unha eventual prohibición de recollida no establecemento o de pretender que a norma quere limitar contactos interpersoais ou acadar un maior distanciamento social, dado que este contacto se produce de todos modos no caso da entrega a domicilio por persoal da empresa repartidora ou por persoal do propio establecemento. O importante é que se manteñan as regras para evitar contaxios, non a forma de recollida.

– O criterio restritivo supón, ademais, unha discriminación entre os establecementos de restauración, dado que non todos eles contan co persoal propio para facer as entregas a domicilio ou a posibilidade de acudir a unha empresa de repartición.



– O criterio de permitir a entrega a domicilio e non a recollida no establecemento non parece, en definitiva, lóxico, coherente nin proporcionado. Semella, máis ben, unha limitación á liberdade de circulación para a adquisición de alimentos, que está expresamente permitida pola normativa do estado de alarma.

Polo exposto, o Cecop, tendo en conta os efectos dunha interpretación restritiva na liberdade de circulación e na liberdade de empresa, acorda:

1. Considerar vixente o establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, en canto a que os establecementos de restauración poden prestar servizos de elaboración de comida para a súa recollida no local e consumo a domicilio, sempre que se cumpran os requisitos e protocolos establecidos polas autoridades sanitarias.

2. Trasladar o criterio da Administración autonómica ao Ministerio de Sanidade, para os efectos de que se aclare expresamente esta cuestión.

3. Así mesmo, para o caso de que non se considerase posible unha interpretación da normativa do estado de alarma favorable á recollida de comida no propio establecemento de restauración, coas cautelas sanitarias antes aludidas, acórdase solicitar que o Ministerio de Sanidade dispoña a ampliación do réxime aplicable aos establecementos de restauración, de modo que se permita neles a recollida de comida para levar (nos termos en que se está permitindo, por exemplo, en establecementos comerciais de alimentación e de comida preparada), ao abeiro da facultade prevista no artigo 10.6 do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, a teor do cal:

“Habilítase o ministro de Sanidade para modificar, ampliar ou restrinxir as medidas, lugares, establecementos e actividades enumerados nos puntos anteriores, por razóns xustificadas de saúde pública”.

Terceiro. Tramitación de garantías en aval e seguro de caución ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia durante a vixencia das medidas restritivas á mobilidade derivadas a consecuencia da declaración do estado de alarma

A Consellería de Facenda dá conta ao Cecop da habilitación dun procedemento excepcional para a presentación de garantías en documento de aval ou de seguro de caución na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, durante a vixen-



cia das medidas restritivas á mobilidade derivadas a consecuencia da declaración do estado de alarma.

O Cecop acorda tomar razón deste procedemento, que figura como anexo II deste acordo.

Cuarto. *Medidas extraordinarias en materia de caza con motivo da crise do COVID-19*

Nos acordos aprobados polo Cecop no mes de marzo adoptouse, entre outras medidas, a prohibición temporal de todas as accións de caza colectiva no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, agás autorizacións excepciónais por razóns de prevención dos accidentes de tráfico, danos á agricultura ou a gandería e riscos en sanidade animal (prevención da entrada da peste porcina africana) ocasionados por especies cinexéticas (especialmente xabaril), onde se permiten as medidas de control en función da comprobación previa dos danos polas xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A competencia autonómica para adoptar eses acordos e regular a caza por danos durante o estado de alarma foi recoñecida polo propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e así foi trasladada esa decisión por carta remitida vía correo electrónico con data do 14 de abril polo director xeral de Sanidade da Producción Agraria a todas as comunidades autónomas no que respecta á decisión adoptada de permitir a caza por danos. En concreto, desde o Ministerio trasladan que “o mantemento da dita actividade no contexto do Real decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, ten dúas finalidades esenciais: evitar o risco de propagación de enfermidades animais, algunhas delas zoonóticas, así como previr os danos que poidan ocasionar as poboacións de xabarís ás producións agrícolas ou gandeiras”. Por esta razón insta a que “As autoridades competentes das comunidades autónomas deben establecer a mellor forma de levar a cabo o control da poboación dos xabarís, no marco da Estratexia de xestión das poboacións dos xabarís en España, aprobada na Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural, de marzo de 2019, tendo sempre en conta, en todo caso, a necesidade de adoptar as medidas de prevención necesarias para evitar o contaxio do COVID-19”.

En definitiva, o Ministerio competente apoia as actividades cinexéticas de control de danos que Galicia xa adoptara e aplicara.



Porén, e con base nas competencias autonómicas en materia de caza, é polo que neste momento procede reforzar a actividade cinexética no contexto do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, coa finalidade de evitar os danos que poidan producir as poboacións de xabarís nas producións agrarias ou gandeiras, e de poder evitar o risco de propagación de enfermidades, sen que se poida esquecer a necesidade de evitar accidentes nas vías públicas. Terase sempre en conta, como non pode ser doutro modo, a necesidade de adoptar as medidas de prevención necesarias para evitar o contaxio do COVID-19.

En liña co anterior, e dado que o sector agrícola e gandeiro debe manter a súa actividade durante o estado de alarma ao terse determinado o seu carácter de actividade esencial, e dado que deben facerse todos os esforzos necesarios para evitar os accidentes causados por especies cinexéticas tales como o xabril, resulta imprescindible reforzar todas aquelas medidas necesarias para salvagardar a continuidade dun xeito eficaz das ditas actividades produtivas e salvagardar a seguridade.

Así e tendo en conta a proximidade do período previo á sementeira, onde os danos non evitados ás explotacións poden comprometer seriamente as futuras producións agrarias, e tendo en conta a necesidade de evitar todo accidente nas vías públicas, faise necesario incrementar a eficacia das medidas adoptadas en Galicia no mes de marzo, co fin de optimizar as medidas de control dos danos que as especies cinexéticas están a ocasionar na Comunidade Autónoma, permitindo, en estrito cumprimento da lexislación aplicable, batidas xustificadas e convenientemente autorizadas.

Por todo o anterior, e por proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, adóptase o seguinte acordo:

– Co obxecto de minimizar os posibles danos que as especies cinexéticas poidan ocasionar nas producións agrícolas e gandeiras, e na seguridade viaria, sen prexuízo da regulación sectorial específica nesta materia, mentres dure o estado de alarma poderase autorizar, como medida de control, a realización de accións de caza nas modalidades de espera e/ou batida sobre as especies cinexéticas, que poderán ser executadas conforme a lei, nos seguintes supostos excepcionais e cos condicionantes que se detallan a continuación:

a) Con ocasión de graves danos xeneralizados á agricultura ou á gandaría.



b) Como consecuencia de accidentes graves de tráfico reiterados nun mesmo punto quilométrico.

c) No suposto de graves riscos en sanidade animal (prevención da entrada da peste porcina africana).

– En todos os casos anteriores, as xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda comprobarán previamente os riscos, continxencias ou o grao de inseguridade.

– Así mesmo, para o correcto desenvolvemento destas medidas de control, e a prol de garantir a eficacia no cumprimento das recomendacións xerais de hixiene e distanciamento definidas polas autoridades sanitarias para evitar o contaxio e diseminación da enfermidade, establécense os seguintes requisitos:

1. No caso das batidas, o número de participantes será conforme a lei.

Nos desprazamentos cara aos puntos de encontro para a organización das batidas non poderán viaxar máis de dous ocupantes por vehículo, deberán permanecer cada unha das persoas en diagonal dentro do vehículo, de xeito que se garanta un distanciamento adecuado entre elas, e deberán aplicarse as medidas de protección necesarias, polo que procurarán ir provistos de luvas e máscaras, así como ter á disposición produtos de desinfección adecuados.

2. Todos os controis de especies cinexéticas realizaranse ben de forma individual, no caso das esperas, ou ben de maneira colectiva no caso das batidas, cumprindo coas normas de hixiene e salubridade establecidas polas autoridades sanitarias. Por motivos de seguridade, os participantes nesta última modalidade executarán a actividade gardando unha distancia de polo menos 2 metros entre si e cumprindo coas normas de hixiene establecidas polas autoridades sanitarias, e deberán xestionarse adecuadamente con posterioridade os elementos de protección, hixiene e limpeza utilizados durante o desenvolvemento destes controis.

3. No caso das batidas, co fin de garantir o seu coñecemento previo, o responsable da cazaría deberá trasladar a todos os participantes as medidas de hixiene e seguridade descritas, que deberán ser incluídas nun documento que lles será achegado. Este documento deberá ser, así mesmo, presentado xunto coa solicitude de autorización da batida.



Decídese, así mesmo, remitir estas condicións excepcionais á Administración do Estado, para os efectos do seu coñecemento e da debida coordinación, dado que implica a posibilidade de desprazamento pola existencia dunha situación de necesidade, de acordo co disposto no artigo 7.1.g) do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo.

Quinto. *Medidas en materia de xestión de residuos*

A crise sanitaria provocada pola pandemia causada polo COVID-19 provocou, no ámbito da xestión dos residuos, dúbidas entre as empresas que os xestionan para os efectos da súa clasificación e correcto tratamento e da protección fronte ao risco de contaxios dos traballadores das citadas empresas.

A Orde ministerial SND/271, do 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre a xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dá lugar a diversas dúbidas sobre a súa correcta interpretación.

En concreto, as empresas de xestión de residuos da Comunidade Autónoma demandaron da Administración autonómica que se clarificase a clasificación e correcta xestión das roupas de protección individual desbotables no momento en que se converten en residuo.

Co ánimo de dar claridade ás empresas xestoras de residuos, a Consellería de Medio Ambiente presentou a consulta ao Instituto de Seguridade e Saúde de Galicia, que respondeu tras a análise das guías e recomendacións elaboradas polo propio Ministerio de Sanidade.

Alén disto, e co ánimo de dar claridade e certeza ás empresas xestoras de residuos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, ofertouse a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia na elaboración de plans específicos ante o risco de transmisión do coronavirus cara á adaptación das recomendacións establecidas con carácter xeral, co fin de asesorar tecnicamente as empresas de xestión de residuos para o establecemento de medidas específicas de protección dos seus traballadores.

O Cecop toma razón desta colaboración no ámbito da protección dos traballadores fronte ao coronavirus que ofrece a Consellería de Medio Ambiente a través do Instituto de



Seguridade e Saúde Laboral de Galicia ás empresas xestoras de residuos, e dará, así mesmo, traslado dela á Administración do Estado.

O Cecop toma razón igualmente da interpretación que desde a Administración autonómica, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, se fai da xestión de residuos dos equipamentos de protección individual e do material de hixiene persoal fronte ao coronavirus, en resposta ás demandas das empresas que carecen de seguridade nesta materia.

Así, conforme a normativa aplicable en materia de residuos e conforme o Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2 do Ministerio de Sanidade do 8 de abril, anexo II, os equipamentos de protección individual desbotables que deben colocarse nos contedores adecuados e ser tratados como residuos biosanitarios da clase III son os EPI do persoal potencialmente exposto no manexo das persoas con sintomatoloxía de infección por coronavirus.

Porén, e cando se trata de EPI de empresas en que a presenza do SARS-CoV-2 nos centros de traballo constitúe unha situación excepcional, e conforme a guía Boas prácticas nos centros de traballo do Ministerio de Sanidade, na epígrafe Xestión de residuos nos centros de traballo, que clasifica os ditos residuos como residuos asimilados aos de orixe doméstica, en sintonía coa citada Orde SND/271, do 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre a xestión de residuos na situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, todo o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

Sexto. *Medidas extraordinarias en materia de vivenda*

Por proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para axudar a paliar a situación dos colectivos máis vulnerables con motivo das medidas excepcionais adoptadas en relación co COVID-19, e como continuación das medidas xa adoptadas no mes de abril, cómpre establecer a seguinte medida en materia de vivenda:

O Instituto Galego da Vivenda e Solo e Xestión do Solo de Galicia Xestur, S.A., non presentarán ao cobramento mediante domiciliación nin exixirán o pagamento inmediato dos recibos do alugamento das vivendas e dos locais comerciais da súa titularidade correspondentes ao mes de maio de 2020.



Sétimo. *Medidas extraordinarias en materia de solo empresarial*

Por proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para axudar a paliar a situación en que se poidan atopar as empresas con motivo das medidas excepcionais adoptadas en relación co COVID-19, e como continuación ás medidas xa adoptadas no mes de abril, cómpre establecer as seguintes medidas en materia de solo empresarial.

1. O Instituto Galego da Vivenda e Solo e Xestión do Solo de Galicia Xestur, S.A., non presentarán ao cobramento a renda ou canon dos alugamentos ou dereitos de superficie das parcelas da súa titularidade correspondentes ao mes de maio de 2020.

2. O Instituto Galego da Vivenda e Xestión do Solo de Galicia Xestur, S.A., logo das tramitacións oportunas, poderán conceder prórrogas ou ampliacións de prazos para o cumprimento das obrigas por parte dos adquirentes de solo empresarial en réxime de compravenda ou dereito de superficie que o soliciten, de xeito especial no referido aos prazos de edificación e implantación da actividade na/s parcela/s, sempre que quede debidamente acreditada a incidencia que, na actividade empresarial do solicitante, provoca a situación económica extraordinaria xerada polo COVID-19.

Oitavo. *Acordo interpretativo en relación coas obras que supoñan unha intervención en edificios existentes*

A Orde SND/340/2020, do 12 de abril, pola que se suspenden determinadas actividades relacionadas con obras de intervención en edificios existentes nas cales exista risco de contaxio polo COVID-19 para as persoas non relacionadas coa dita actividade, regula, no seu único artigo, medidas excepcionais en materia de obras de intervención en edificios existentes, e así dispón:

“1. Establécese a suspensión de toda clase de obra que supoña unha intervención en edificios existentes, nos supostos en que no inmovible en que deba executarse se encontren persoas non relacionadas coa actividade de execución da obra, e que, debido á súa localización permanente ou temporal, ou a necesidades de circulación, e por causa de residencia, traballo ou outras, poidan ter interferencia coa actividade de execución da obra, ou co movemento de traballadores ou traslado de materiais.

2. Exceptúanse desta suspensión as obras referidas no número anterior nas cales, por circunstancias de sectorización do inmovible, non se produza interferencia ningunha coas persoas non relacionadas coa actividade da obra.



3. Así mesmo, quedan tamén exceptuados os traballos e obras puntuais que se realicen nos inmobles coa finalidade de realizar reparacións urxentes de instalacións e avarías, así como as tarefas de vixilancia”.

A citada orde ten por obxecto eliminar o incremento de risco de contaxio polo COVID-19 que se produciría no caso de que se realicen obras en edificios ocupados como consecuencia das interferencias entre os operarios das obras e os ocupantes dos edificios.

Polo tanto, a orde recolle a prohibición de realizar obras en edificios ocupados, independentemente do seu uso, agás que se trate de obras puntuais de reparacións urxentes ou que se poida garantir que non se producen as ditas interferencias.

A falla de concreción desta medida xera diferentes criterios de interpretación que provocan unha grande incerteza aos profesionais dos sectores afectados. Debe terse en conta que a medida afecta uns 20.000 autónomos en Galicia. Así mesmo, unha interpretación extensiva das restricións que impón a medida impediría levar a cabo actuacións compatibles coa filosofía do Real decreto 463/2020 (traballar en espazos amplos e cunha limitación do número de traballadores).

Ante os inconvenientes e as dúbidas expostas por diferentes colectivos afectados pola aplicación desta orde, o Cecop, por proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, considera conveniente adoptar uns criterios interpretativos que clarifiquen posibilidades de actuación en función das distintas situacións que se poden dar en obras que se realicen en edificios existentes con ocupantes alleos ás propias obras. Todo iso sen prexuízo, loxicamente, da adopción por parte dos traballadores das correspondentes medidas de seguridade e saúde laboral exixidas.

Neste sentido, acórdase adoptar os seguintes criterios de interpretación da Orde SND/340/2020:

1. Poderán realizarse, en calquera caso, os traballos e obras puntuais que teñan por finalidade realizar reparacións urxentes de instalación e avarías, así como tarefas de vixilancia.

En particular, a referencia a reparacións e avarías permite interpretar que os traballos e obras que se van realizar poderán estenderse a calquera intervención sobre instalacións ou elementos construtivos do edificio, sempre que teña un carácter de urxente.



Este tipo de intervención poderá realizarse, en todo caso, tanto en espazos ou elementos comúns do edificio como nos elementos privativos del.

2. Respecto das obras xa iniciadas que se viron afectadas pola paralización derivada da aplicación do Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, deben entenderse incluídas no concepto de reparación urxente:

a) As obras que sexan necesarias para finalizar ou completar a instalación ou substitución de ascensores xa iniciadas, cando a súa paralización comprometa as condicións mínimas de accesibilidade da edificación.

b) As obras que sexan necesarias para finalizar ou completar as actuacións de rehabilitación edificatoria xa iniciadas consistentes en traballos de mantemento ou de intervención en espazos comúns ou privativos en edificios colectivos, cando o estado actual da obra afecte de modo significativo, as condicións de habitabilidade, salubridade, hixiene e accesibilidade da vivenda ou sexan necesarias para a eliminación de barreiras arquitectónicas de tal xeito que se permita o uso normal da edificación.

3. Ademais das obras de reparación de carácter urxente, tamén se poderán realizar obras en edificios ocupados cando sexa posible garantir que, nos espazos interiores do edificio, con independencia de que o seu uso sexa comunitario ou privativo, non se producirán interferencias e posibles contactos entre os ocupantes e o persoal encargado das obras nin durante a actividade de execución da obra, nin co movemento dos traballadores nin coas operacións de traslado de materiais. Neste sentido cómpre precisar:

– Considerarase que non existe interferencia entre usuarios e operarios da construción cando, dadas as características da obra e as previsións adoptadas para desenvolvela, sexa posible realizar tanto a execución da obra como o acceso dos operarios e o transporte dos materiais por espazos exteriores alleos aos espazos comúns ou privativos situados no interior dos edificios.

– Tamén se considerará que non existe interferencia cando deban ser utilizados espazos comúns ou privativos, interiores ou exteriores da edificación (garaxes, accesos, elementos de comunicación, zonas de rochos, terrazas, zonas axardinadas, etc.), e poida garantirse



que estes espazos quedarán axeitadamente sectorizados e que serán utilizados en exclusiva polo persoal adscrito á obra durante todo o período de duración desta.

Cumpridas algunha das dúas condicións anteriores, as operacións puntuais de conexión coas redes de servizos do edificio (auga, enerxía eléctrica, etc.) necesarias para garantir a subministración dos servizos que sexan precisos para poder acometer a obra, non se considerarán actuacións que impliquen unha interferencia entre operarios e ocupantes que impida a súa execución, xa que o risco que supoñen estas operacións non difire doutras actuacións permitidas (transporte de mercadorías, alimentos, subministración de combustible para calefacción ou auga quente, etc.).

4. Non se considerará que existe interferencia cos ocupantes nas actuacións de reparación de fachadas ou cubertas realizadas polo exterior das edificacións, malia que nos ditos elementos poidan existir ventás ou elementos de comunicación cos espazos interiores ocupados.

5. As intervencións en vivendas unifamiliares poderán realizarse cando se poida garantir que a execución das obras, movemento dos obreiros e transporte de materiais se realicen por espazos exteriores ou por espazos interiores da edificación que durante todo o período de execución das obras sexan utilizados exclusivamente polo persoal encargado da súa execución, sen interferencia cos ocupantes das vivendas.

Nestes casos tampouco se considerará que supoñan unha interferencia entre operarios e ocupantes da vivenda, que impida a realización das obras, a realización de operacións puntuais de conexión coas redes de servizo indicadas no punto 2 deste acordo interpretativo.

Noveno. *Posta en marcha da elaboración de protocolos hixiénico-sanitarios para establecementos turísticos e certificacións de calidade asociadas*

A Consellería de Cultura e Turismo dá parte ao Cecop de que está a impulsar a elaboración dun Plan de seguridade hixiénico-sanitaria no eido turístico que permita reforzar a confianza neste sector unha vez que rematen as restricións impostas por mor da crise sanitaria do coronavirus.

Esta iniciativa trasladouse o día 14 de abril ao Consello Galego de Turismo, órgano que conta coa presenza de representantes das distintas administracións, do mundo académico



e do sector turístico, xuntanza á cal asistiron tamén representantes das catro deputacións, e na cal os distintos participantes formularon as súas achegas para a reactivación desta industria.

A oportunidade deste plan parte da necesidade urxente de avanzar no deseño das accións específicas e plans de continxencia para o sector turístico e os seus subsectores de xeito que se preserve o valor seguridade e confianza no destino turístico Galicia, contando con todos os axentes implicados.

A Administración autonómica creou un grupo de traballo específico para traballar, xunto co Instituto para a Calidade Turística de España (ICTE), de xeito inmediato na posta en marcha de certificacións de seguridade sanitaria no sector turístico que permitan reforzar a confianza dos traballadores e usuarios ante o novo escenario post COVID-19.

A primeira xuntanza do grupo de traballo celebrouse o 21 de abril e participaron na súa conformación representantes de departamentos e organismos da Xunta como o Servizo Galego de Saúde, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) ou o Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG). Tamén participaron na xuntanza membros da Federación Galega de Municipios de Provincias (Fegamp), representantes do sector a través do Clúster Turismo de Galicia, o presidente do Instituto para a Calidade Turística de España (ICTE), xunto con expertos da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Os obxectivos fixados para o grupo de traballo son coherentes coa necesidade de traballar con planificación e anticipación para situar Galicia como un destino fiable e de calidade unha vez que se levanten as restricións derivadas do estado de alarma. Para lograr este obxectivo, acórdase consensuar unha serie de protocolos e estándares que acrediten a adopción de medidas de seguridade e hixiene por parte dos distintos establecementos do sector, así como dos destinos da Comunidade.

En paralelo, decidiuse poñer en marcha certificacións que recoñezan aqueles locais e destinos que cumpran as medidas recollidas nos citados protocolos, garantindo así a calidade da súa oferta e ofrecendo unha maior seguridade aos usuarios.

O Cecop, en atención ás consideracións feitas, toma razón das accións encamiñadas a dispoñer de protocolos hixiénico-sanitarios específicos para establecementos turísticos e o proceso de certificación que afiancen a condición de Galicia como destino turístico de confianza e seguro.



Décimo. *Apertura da Inspección Técnica de Vehículos do Pereiro de Aguiar (Ourense) para a posta en servizo de novas ambulancias*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria propón ao Cecop que se lle autorice para proceder á apertura parcial e moi limitada da estación de ITV do Pereiro de Aguiar (Ourense) para tramitar durante o mes de maio as reformas de importancia dos 29 vehículos que se detallan na súa proposta polas que estes foron transformados en unidades de vixilancia intensiva móbil (ambulancias).

De conformidade co disposto no Real decreto 2822/1998, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de vehículos, o titular do vehículo, ou persoa por el autorizada, o cal efectuase unha reforma, estará obrigado a someter a devandita reforma á verificación da Inspección Técnica de Vehículos para que poida circular.

Tendo en conta que o Cecop acordou o 21 de marzo de 2020 a suspensión temporal da actividade da Inspección Técnica de Vehículos e o carácter esencial dos vehículos comprendidos na proposta para a prestación de servizos ás autoridades sanitarias, o Cecop autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria para que proceda á apertura da estación de ITV do Pereiro de Aguiar (Ourense) para que practique a inspección correspondente á reforma de importancia destes vehículos.

A consellería concertará coa entidade concesionaria da ITV do Pereiro de Aguiar o día e a hora en que levará a efecto a inspección, e informará destes asuntos á delegación do Goberno para os efectos do seu coñecemento e coordinación.

En particular, será necesario que o titular dos vehículos achegue certificado de desinfección destes expedido no mesmo día en que se realizará a inspección.

Décimo primeiro. *Mellora de conectividade e equipamento tecnolóxico ao alumnado de ensino non universitario dos centros educativos públicos de Galicia*

Coa finalidade de mellorar o acceso ao ensino dixital, a Administración autonómica realizou unha achega de equipamento informático e de conectividade ao alumnado que presenta maiores dificultades de acceso ao ensino en liña.

A actuación consistiu na cesión de uso, a aquelas familias que contan con recursos limitados, dun lote formado por un ordenador ultraportátil, idéntico aos empregados polo alumnado no proxecto de Educación Dixital E-Dixgal, xunto cun kit que permite a conexión



á internet do dito ordenador, que está composto por un router wifi 4G xunto coa correspondente liña de datos 4G.

Para iso, nunha primeira quenda remitíronse a cada un dos 336 centros públicos que imparten educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou formación profesional 3 lotes, para que a través da dirección dos centros se repartisen tendo en conta a situación socioeconómica da familia, e as posibilidades de aproveitamento do alumno ou da alumna, con prioridade ao alumnado dos cursos de final de etapa que titulen (4º da ESO, 2º de BAC e 2º de FP) e a aquelas familias que non dispoñan nos seus fogares de ordenador nin de conexión á internet. En total entregáronse nos centros 997 lotes (equipo+kit de conexión á internet).

Pola súa vez, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de abril acordou unha segunda remesa de 1.750 kits para os centros educativos que imparten ensino secundario.

Na Consellería de Educación recibíronse ofertas de colaboración para a mellora da conectividade e dos recursos tecnolóxicos por parte de diversos concellos de Galicia, entre outros Sanxenxo e Ribeira, e o pasado día 20, por escrito, do Concello da Coruña.

A actuación conxunta de ambos os niveis de Administración pode provocar solapamentos de axudas por descoñecemento das necesidades ou das entregas.

A Administración autonómica atendeu preferentemente o seu alumnado a través dos recursos do Plan Edixgal cunha dispoñibilidade previa de 27.000 equipos. A maiores, entregou ou está a piques de entregar 2.750 equipos informáticos e de conectividade ao alumnado de secundaria e bacharelato que promociona ou titula (especialmente 4º da ESO e 2º de BAC).

De acordo co exposto, o Cecop, por proposta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, adopta o seguinte acordo:

1. É obxecto do presente acordo a colaboración entre a Administración autonómica e os concellos para a mellora da conectividade e dos recursos tecnolóxicos ao alumnado do ensino non universitario.



2. Por razón das competencias a Administración autonómica atenderá con prioridade o alumnado de secundaria, bacharelato e formación profesional de acordo con criterios de promoción e titulación.

3. No caso de que, de modo voluntario, determinados concellos de Galicia teñan interese en colaborar no préstamo de equipamento informático ou de recursos de conectividade da súa propiedade ou financiados polos concellos para o alumnado con veciñanza no seu termo municipal, aconséllase, en evitación de duplicidades, que os ditos equipamentos sexan destinados a alumnado de educación infantil e primaria de conformidade coas previsións da Lei orgánica de educación e da normativa en materia de réxime local.

4. A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Fegamp elaborarán un protocolo para a creación dunha base de datos de equipamentos única con destino ao alumnado de ensino non universitario que identifique os beneficiarios e evite eventuais solapamentos nas entregas do material e que, baixo o principio de subsidiariedade, atenda con equipamentos propiedade das entidades locais os centros de ensino de infantil e primaria.

No intercambio de datos entre a Consellería, a Amtega e os concellos coidarase moi especialmente a protección dos datos identificativos do alumnado beneficiario en cumprimento da normativa en materia de protección de datos persoais.

5. No caso en que a colaboración consista en entrega ou recollida de material (non informático) dos centros educativos para a súa posterior entrega ás familias, os centros educativos poderán solicitar, se for preciso, a colaboración dos servizos de protección civil ou policía local para efectuar a entrega.

Décimo segundo. *Acordo en relación coa autorización de queimas de restos agrícolas amoreados por motivos fitosanitarios en explotacións agrícolas profesionais*

A Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia



do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, no seu punto décimo quinto establece o seguinte:

“Suspéndese a realización de queimas nos terreos rústicos e quedan sen efecto as autorizacións e comunicacións de queimas xa notificadas ou efectuadas. Igualmente, suspéndese a solicitude de novas autorizacións, así como a posibilidade de realización de novas comunicacións para queimas nos terreos rústicos”.

Porén, o tempo transcorrido xa desde a declaración do estado de alarma e a suspensión das queimas nos termos sinalados, podería dar lugar, de prorrogarse no tempo, a que, ao non poder realizarse queimas de restos agrícolas amoreados nos períodos en que se realizan habitualmente, poida incrementarse o risco de que se orixinen danos por problemas fitosanitarios nas explotacións agrícolas, que poderían agravar aínda máis as posibles afeccións económicas da actual situación creada pola pandemia do COVID-19.

Pola súa vez, debe tomarse en consideración que en Galicia o uso do lume nos terreos agrícolas, terreos forestais e zonas de influencia forestal vén regulado polo establecido no título V, Uso do lume (artigos 33 a 39), da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. No seu artigo 34 regúlase o uso do lume a través de comunicacións e autorizacións de queimas de restos agrícolas e forestais e no seu artigo 36 regúlanse outros usos do lume.

Así, na alínea b) do número 1 do artigo 36 da Lei 3/2007, do 9 de abril, prohibese, nas zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, na época de perigo alto queimar matogueiras cortadas e amontoadas e calquera tipo de sobranceiros de explotación, limpeza de restos ou calquera outro obxecto combustible. No número 2 do artigo 36 establécese que nas zonas agrícolas, forestais e nas de influencia forestal, fóra da época de perigo alto e desde que se verifique o índice de risco diario de incendio forestal de niveis moi alto e extremo, manteranse as restricións referidas no número anterior.

Non obstante, no número 6 do artigo 36 establécese que se exceptúa do disposto na alínea b) do número 1 e no número 2 do devandito artigo a queima de restos de explotación debida a exixencias fitosanitarias de carácter obrigatorio e así veña determinado polas autoridades competentes, a cal deberá ser realizada coa presenza dunha unidade



dalgún equipo de bombeiros das entidades locais ou dun equipo autorizado pola Xunta de Galicia.

Polo tanto, a propia Lei 3/2007, do 9 de abril, recoñece xa a especialidade existente nas queimas de restos de explotación debida a exixencias fitosanitarias.

Tomando pois en consideración o anterior, o Cecop, por proposta da Consellería do Medio Rural, adopta o seguinte acordo:

Poderán solicitarse autorizacións excepcionais por razóns fitosanitarias para a queima de restos agrícolas amoreados en explotacións profesionais agrícolas mentres dure a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, declarada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 13 de marzo de 2020, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

As solicitudes poderán remitirse por correo electrónico aos servizos de prevención de incendios forestais das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural da provincia que corresponda, incluíndo unha declaración responsable da persoa titular da explotación que xustifique a necesidade de realización da queima. Na solicitude indicárase o concello, a parroquia, o lugar e a indicación do polígono e a parcela do Sixpac da parcela en que se realizará a queima solicitada, así como as datas en que se pretende realizala. Na solicitude indicárase tamén o número de inscrición da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

A queima de restos agrícolas amoreados solicitada poderá levarse a cabo unha vez recibida a correspondente autorización por correo electrónico.

A autorización recollerá o nome da persoa titular da explotación, o número de inscrición da explotación no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga) e os datos que permitan localizar a parcela en que se realizará a queima (concello, parroquia, lugar e a indicación do polígono e a parcela do Sixpac da parcela). A autorización recollerá tamén as condicións e as datas en que se poderá realizar a queima.

A Consellería do Medio Rural ditará a correspondente resolución ao respecto.

Decídese, así mesmo, remitir este criterio á Administración do Estado, para os efectos do seu coñecemento e adecuada coordinación con esta Administración autonómica.



Décimo terceiro. *Acordo relativo ao prazo previsto no artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, en canto á obriga de xestión da biomasa*

A xestión da biomasa é a principal medida preventiva que se aplica no territorio galego para actuar sobre a carga de combustible vexetal, mediante a súa modificación ou a súa remoción total ou parcial na procura de romper a continuidade horizontal e vertical da biomasa presente nos montes e terreos forestais e, en xeral, en todo o solo clasificado como rústico; esa actuación, ademais, vai permitir que, de producírense os incendios forestais, non se propaguen de forma incontrolada.

Segundo o sinalado no número 1 do artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as persoas que resulten responsables conforme o artigo 21 ter procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa, incluída, se é o caso, a retirada de especies arbóreas, antes de que finalice o mes de maio de cada ano.

Na actual situación, as limitacións existentes en materia de desprazamento e circulación das persoas, unido ao carácter esencial dos servizos de prevención e extinción de incendios, e a configuración legal da xestión da biomasa nas faixas secundarias coma unha obriga *ex lege*, aconsellan aclarar aos particulares o prazo con que contan para cumprir coa sinalada obriga, así como adaptar o prazo en cuestión ás extraordinarias circunstancias existentes, coa finalidade última en todo caso de facilitar ao cidadán o cumprimento desta obriga e conseguir con iso a maior prevención posible en materia de incendios.

Tomando pois en consideración o anterior, o Cecop, por proposta da Consellería do Medio Rural, adopta o seguinte acordo:

1. Aclarar a continuidade da obriga de execución da xestión da biomasa prevista no artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, ao constituír actuacións que forman parte da prevención e loita contra os incendios forestais, como servizo esencial, indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos esenciais.

2. O prazo para a realización das actividades previstas no punto anterior estenderase ata o 30 de maio de 2020, adicionando ao dito prazo, en atención ás especiais circunstancias concorrentes derivadas do actual estado de alarma, os días transcorridos desde a declaración do estado de alarma ata a data en que se publique a correspondente resolución da



Consellería do Medio Rural que dispoña a continuidade da obriga, sen que en ningún caso poidan realizarse as devanditas actividades máis tarde do 31 de xullo de 2020, inclusive.

3. Para o efecto da realización das actividades de execución da xestión da biomasa a que se refire esta disposición, e para o fin de atenuar ao imprescindible a mobilidade de persoas, recoméndase nos casos en que así estea previsto o seu desenvolvemento a través da empresa pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga).

A Consellería do Medio Rural ditará a correspondente resolución ao respecto.

Decídese, así mesmo, remitir este criterio á Administración do Estado, para os efectos do seu coñecemento e adecuada coordinación con esta Administración autonómica.

Décimo cuarto. *Acordo relativo á modificación, en canto aos desprazamentos de agricultores e viticultores non profesionais a cultivos e viñas de autoconsumo, do previsto na Orde do 23 de marzo pola que adoptan medidas de carácter obrigatorio en relación co COVID-19 en cumprimento do Acordo do Centro de Coordinación Operativa da emerxencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 18 de marzo, sobre a venda directa de produtos agrogandeiros nos mercados, a venda de produtos vexetais para a plantación en hortas de consumidores finais e o desprazamento de agricultores e viticultores para os efectos da realización de actividades agrarias*

O tempo transcorrido desde a primeira declaración do estado de alarma e a propia evolución da emerxencia sanitaria coa implementación das medidas adoptadas durante as últimas semanas permiten agora modificar algunha das medidas recollidas na Orde do 23 de marzo e, singularmente, aquelas cuxa incidencia non redunde nunha alteración substancial da motivación última da propia orde. Así, o fin perseguido coa limitación que impide o desprazamento a unha distancia superior a 500 metros da vivenda habitual para atender cultivos ou viñedos considerados de autoconsumo, é dicir, sen fins comerciais, que non é outro que restrinxir a circulación de persoas, incidindo sobre a minoración dos contaxios, pode lograrse igualmente coa existencia dunha declaración responsable da persoa que realiza esas actividades agrarias non profesionais.

Tomando pois en consideración o anterior, o Cecop, a proposta da Consellería do Medio Rural, adopta o seguinte acordo:

1. As persoas que teñan cultivos ou viñedos considerados de autoconsumo, é dicir, con fins non comerciais e, polo tanto, non desenvolvan unha actividade profesional agraria po-



derán realizar os desprazamentos mínimos e imprescindibles para o mantemento e atención dos ditos cultivos e viñas, sempre que o desprazamento se realice dentro do mesmo termo municipal ou, de realizarse a outro termo municipal, que non supoña unha distancia superior a 5 km da súa vivenda habitual. En ningún caso, poderá haber máis de dúas persoas na leira, as cales deberán respectar en todo momento as distancias de seguridade e demais protocolos de prevención establecidos pola autoridade sanitaria.

2. En relación coa acreditación da necesidade de desprazamento, nas actividades agrarias consideradas de autoconsumo, poderá realizarse coa presentación do carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios. No caso das persoas viticultoras, poderán acreditarse co carné de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios ou coa tarxeta de rexistrado dispensada polo consello regulador da denominación de orixe cando se dan de alta nos rexistros.

Sen prexuízo do anterior, as persoas que teñan cultivos ou viñas de autoconsumo deberán levar consigo unha declaración responsable que comprenda as leiras en que leva a cabo os ditos cultivos, incluíndo a identificación da parcela e o tipo de cultivos que realiza; e, no caso de tratarse de cultivos ecolóxicos, a declaración incluírá tamén que non se empregan tratamentos fitosanitarios e que, polo tanto, carece do carné de aplicador/manipulador destes produtos. No dito documento, ademais, a persoa deberá declarar responsablemente que leva desprazándose de xeito habitual á leira en cuestión para a realización de actividades agrarias de autoconsumo polo menos durante o último ano.

Todo isto sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección por parte da Administración para verificar o contido da dita declaración responsable, de conformidade co disposto no artigo 69.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Consellería do Medio Rural ditará a correspondente orde ao respecto.

Decídese, así mesmo, remitir este criterio á Administración do Estado, para os efectos do seu coñecemento e adecuada coordinación con esta Administración autonómica.

Décimo quinto. *Acordo en relación coa consideración de esenciais das actuacións en materia de prevención e extinción de incendios forestais conveniadas entre a Administración autonómica e as entidades locais*

A Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do



Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19, no seu punto terceiro establece o seguinte:

“En todo caso, considéranse funcións de carácter esencial as desempeñadas polo persoal directivo, así como as vinculadas a funcións tales como a seguridade, mantemento de edificios, comunicacións e outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información, pagamento a provedores, habilitacións, gardaría forestal e ambiental, centros de recuperación da fauna e razas autóctonas, as propias do servizo de gardacostas de Galicia, servizos de alertas sanitarias en todas as súas modalidades, servizos de inspección de saúde pública e inspección ambiental, servizos de prevención e extinción de incendios de Galicia, así como todas aquelas que determinen os órganos directivos por considerárense necesarias para garantir a continuidade das funcións básicas”.

Na mesma liña pode citarse, para os únicos efectos interpretativos, ao non atoparse actualmente xa en vigor, o Real decreto lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19, o cal establecía no punto 7 do seu anexo que ás persoas traballadoras por conta allea que prestan os seus servizos en prevención e extinción de incendios non lles sería de aplicación o permiso retribuído recuperable por tratarse de servizos esenciais.

Para a anualidade de 2020, a Consellería do Medio Rural e as entidades locais asinaron un total de 262 convenios interadministrativos para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2019 cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Os convenios recollen as seguintes actuacións:

- Operatividade de vehículos motobomba.
- Labores de vixilancia e extinción da brigada de prevención e defensa.
- Labores de prevención da brigada de prevención e defensa.



- Labores de prevención mediante tratamentos silvícolas de xeito mecanizado.

As brigadas de prevención e defensa e os vehículos motobomba municipais, en virtude do establecido nos devanditos convenios interadministrativos, intégranse no operativo de extinción da Comunidade Autónoma baixo o mando único previsto no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (en adiante, Pladiga).

Os labores de prevención realizados polas brigadas de prevención e defensa municipais e os labores de prevención mediante tratamentos silvícolas de xeito mecanizado intégranse no Plan preventivo incluído no Pladiga.

Por outra banda, para a anualidade de 2020, no marco do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais (GES), hai operativos 26 GES aos cales, unha vez que se modifique o devandito convenio mediante a correspondente addenda, se xuntará un GES máis.

Ao abeiro do establecido no devandito convenio, os GES poden desenvolver, entre outras, as seguintes funcións:

- Intervir en incendios forestais e urbanos no ámbito territorial da súa demarcación.
- Definir e manter as redes de faixas de xestión da biomasa de prevención e defensa contra os incendios forestais de competencia municipal.
- Investigar a propiedade das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal en aplicación da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, para crear discontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal, mediante rozas en terreos forestais ou de influencia forestal de titularidade dos concellos ou de propietario descoñecido, e perímetros e parcelas declaradas como abandonadas segundo a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.
- Prácticas preventivas naqueles camiños e espazos públicos que poidan ao mesmo tempo servir de devasas naturais ante calquera perigo de lume.



En materia de prevención de incendios forestais, son especificamente obxecto de axuda, consonte o recollido no Plan de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) do período 2014-2020, aprobado pola Decisión de execución da Comisión, do 18 de novembro de 2015, e modificado mediante Decisión de execución da Comisión C(2017) 5420 final, do 26 de xullo de 2017, e mediante Decisión de execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo de 2018, e por última vez pola Decisión de execución da Comisión C(2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019, e encadradas na submedida 8.3 do PDR, as seguintes actuacións levadas a cabo polos GES:

a) Actuacións de definición das redes de faixas de xestión da biomasa e investigación da propiedade e estado da biomasa.

b) Actuacións de silvicultura preventiva.

Tomando pois en consideración o anterior, o Cecop, por proposta da Consellería do Medio Rural, adopta o seguinte acordo:

Consideraranse funcións de carácter esencial as desempeñadas polas entidades locais no marco dos convenios interadministrativos para a participación na prevención e defensa contra os incendios forestais, así como no marco do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e as deputacións provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais.

Dentro das devanditas funcións esenciais inclúense actuacións tanto en materia de prevención como de extinción de incendios forestais.

Decídese, así mesmo, remitir este criterio á Administración do Estado, para os efectos do seu coñecemento e adecuada coordinación con esta Administración autonómica.

Décimo sexto. Acordo en relación coas saídas de nenos e nenas que residan en centros de protección de menores, centros habitacionais sociais de apoio para persoas con discapacidade u outros servizos residenciais análogos

A Orde SND/370/2020, do 25 de abril, sobre as condicións en que deben desenvolverse os desprazamentos por parte da poboación infantil durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dispón na súa disposición adicional única, Medidas en relación



cos nenos e nenas que residan en centros de protección de menores, centros habitacionais sociais de apoio para persoas con discapacidade ou outros servizos residenciais análogos:

“As comunidades autónomas, respectando en todo caso o regulado nesta orde, poderán, no exercicio das súas competencias en materia de protección e tutela de persoas menores de idade, adoptar as medidas necesarias para adecuar a aplicación do disposto nela, en relación cos nenos e nenas que residan en centros de protección de menores, centros habitacionais sociais de apoio para persoas con discapacidade ou outros servizos residenciais análogos”.

A Consellería de Política Social pon de manifesto ao Cecop que nos centros indicados resulta necesario que as saídas se efectúen con máis de 3 nenos, dado que noutro caso se imposibilitaría a organización destas saídas e rompería a dinámica de convivencia nes centros.

Polo exposto, o Cecop, por proposta da Consellería de Política Social, acorda que, de acordo co establecido na disposición adicional única da norma estatal, as saídas nos centros indicados poidan ser de máis de tres nenos e nenas. A Consellería de Política Social poderá ditar as directrices e instrucións necesarias a este respecto.

ANEXO I

Medidas preventivas fronte ao coronavirus nos servizos de rexistro e atención á cidadanía

1. Introducción.
2. Obxecto.
3. Avaliación da exposición ao risco.
4. Medidas de protección.
5. Aplicación, extensión de efectos e revisión.

1. Introducción.

A aparición e evolución do coronavirus SARS-CoV-2 exige a adopción de medidas preventivas que deben ser adoptadas segundo as instrucións dos órganos competentes da Consellería de Sanidade.

No ámbito da Administración da Xunta de Galicia ditouse un Protocolo de actuación en que se fixan as pautas de funcionamento que debe seguir o persoal empregado público en



relación co coronavirus (Resolución do 12 de marzo de 2020, DOG número 49 bis, do 12 de marzo).

No citado protocolo establécense previsións para o persoal que presta os seus servizos nas oficinas que prestan atención presencial á cidadanía. Pois ben, neste documento actualízanse as medidas referidas ás oficinas de atención á cidadanía para compatibilizar a adecuada prestación do servizo público coa máxima protección da saúde dos traballadores que realizan esa tarefa.

2. Obxecto.

O obxecto do presente documento é establecer as medidas preventivas necesarias para realizar a atención ao público de xeito presencial coas máximas garantías de cara a previr os riscos de contaxio polo coronavirus SARS-CoV-2.

Neste sentido, o presente protocolo realiza unha avaliación da exposición ao risco polo coronavirus no servizo de atención ao público e marca as necesarias medidas de organización do traballo, medidas de protección colectiva e medidas hixiénicas que se deben implementar co obxectivo de garantir a máxima protección fronte aos riscos de infección ante o coronavirus e impedir a súa diseminación.

3. Avaliación da exposición ao risco.

En función da natureza das actividades e os mecanismos de transmisión do coronavirus SARS-CoV-2, podemos establecer os diferentes escenarios de risco en que se poden encontrar os traballadores.

Exposición de risco: aquelas situacións laborais nas cales se pode producir un contacto estreito cun caso probable ou confirmado de infección por SARS-CoV-2, sintomático.

Exposición de baixo risco: aquelas situacións laborais en que a relación que se poida ter cun caso probable ou confirmado non inclúe contacto estreito.

Baixa probabilidade de exposición: traballadores que non teñen atención directa ao público ou, se a teñen, se produce a máis de dous metros de distancia, ou dispoñen de medidas de protección colectiva que evitan o contacto (anteparo de cristal, separación de cabina de ambulancia etc.).



Por “contacto estreito” de casos posibles, probables ou confirmados enténdese:

– Calquera persoa que proporcionase coidados mentres o caso presentaba síntomas: traballadores sanitarios que non utilizaron as medidas de protección adecuadas, membros familiares ou persoas que teñan outro tipo de contacto físico similar;

– Conviventes, familiares e persoas que estiveron no mesmo lugar que un caso mentres o caso presentaba síntomas a unha distancia menor de 2 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos.

De acordo coa Guía de actuación preventiva ante o coronavirus no ámbito da Administracións xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Resolución do 16 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade de diversos acordos do Centro de Coordinación Operativa da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Cecop), do 14 de abril de 2020, DOG número 74, do 17 de abril), os escenarios xerais de risco de exposición ao coronavirus nos postos de traballo en oficinas de atención ao público son os seguintes:

Baixa probabilidade de exposición
Traballadores sen atención directa ao público, ou a máis de 2 metros de distancia, ou con medidas de protección colectiva que evitan o contacto, por exemplo: – Persoal administrativo. – Persoal de seguridade.
Requisitos
Non necesario uso de EPI

En consecuencia, considérase como baixa probabilidade de exposición ao virus e non é necesario o uso de EPI nas tarefas de atención ao público en que se garanta 2 ou máis metros de separación ou se conte con medidas de protección colectiva que eviten o contacto.

4. Medidas de protección.

De cara a organizar axeitadamente a atención ao público e minimizar os riscos de exposición, tanto para os empregados públicos coma para os usuarios das oficinas, establécense as seguintes medidas de protección:

4.1. Medidas de organización do traballo:

– Resultan de aplicación as previsións establecidas no número 3 do Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación



co coronavirus COVID-19 (Resolución do 12 de marzo de 2020, DOG número 49 bis, do 12 de marzo), para o suposto de que o empregado público presente síntomas da enfermidade.

Igualmente, é preciso facer unha referencia expresa ao procedemento de actuación para a xestión da vulnerabilidade incluída na Guía de actuación preventiva ante o coronavirus no ámbito da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 74, do 17 de abril), por resultar de aplicación.

– Seguir fomentando a utilización dos medios telemáticos dispoñibles co obxectivo de evitar desprazamentos.

A Resolución do 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se dá publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do coronavirus COVID-19 (DOG número 51, do 15 de marzo), establece no seu punto sexto que a atención á cidadanía, con carácter xeral, se canalizará a través do teléfono 012, sen prexuízo daquelas oficinas que determinen os titulares dos centros directivos polas súas funcións de carácter esencial.

Agora ben, o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no punto cuarto da disposición adicional terceira que “as entidades do sector público poderán acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para o protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos”.

Pois ben, mentres non se restableza a atención presencial e para o suposto daqueles procedementos, tales como convocatorias de subvencións, en que o Consello da Xunta de Galicia acorde a súa continuación por seren indispensables para a protección do interese xeral, os prazos de presentación de solicitudes, emendas ou presentación de xustificacións volverán estar abertos, polo que se habilitará a atención presencial nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía.

Esta atención presencial realizarase a través do sistema de cita na web www.xunta.gal/cita-previa, en horario de 9.00 a 14.00 horas, salvo que polo volume de peticións de citas sexa necesario amplialo.



Igualmente, as citas deberán solicitarse cun mínimo de 24 horas de antelación.

Estas citas serán atendidas nos rexistros xerais localizados nos edificios administrativos da Xunta de Galicia nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol.

Adoptaranse as medidas necesarias para garantir que as citas se asignan coa frecuencia precisa para que non haxa aglomeracións de persoal na oficina.

Igualmente, facilitaranse as listas das persoas citadas presencialmente para que o persoal de control de accesos facilite a súa entrada aos edificios.

– Deberase organizar o traballo de tal modo que se evite o contacto entre persoas ou, de non ser posible, se reduza a súa frecuencia, respectando, en todo caso, a distancia de seguridade. Deste modo, empregarase de xeito ordinario o teléfono e o correo electrónico entre o persoal que estea presente nas oficinas.

– Disporase que, salvo circunstancias xustificadas, o acceso ás oficinas de atención ao público se realizará de xeito individual. Polo tanto, impartiranse instrucións aos servizos de control de accesos para que limiten neste sentido a entrada de visitantes ás oficinas de atención ao público.

– Se nalgún momento as autoridades sanitarias determinan o uso para a poboación, con carácter obrigatorio, de elementos de protección (tales como máscaras ou luvas), o persoal de control de accesos non permitirá a entrada aos edificios administrativos aos usuarios que non porten os ditos elementos de protección.

Colocaranse carteis informativos nos lugares de traballo que conteñan as indicacións de seguridade que deban observarse. Os carteis colocaranse en zonas visibles.

Especificamente, haberá carteis que informen da distancia mínima de seguridade de 2 metros que se deberá manter cos demais usuarios e co persoal de atención ao público e informarse de que o tempo de permanencia dos usuarios no interior da oficina non pode superar os 15 minutos. Polo tanto, o responsable da oficina de atención ao público coordinarase co persoal de control de accesos para que se xestionen adecuadamente os fluxos de visitantes para garantir o cumprimento desta limitación temporal de presenza na oficina e do número de persoas para garantir a distancia de seguridade.



4.2. Medidas de protección colectiva:

Son medidas de protección colectiva as seguintes:

– Dispoñer de produtos de hixiene que permitan, tanto aos empregados públicos coma aos usuarios das oficinas, realizar unha adecuada hixiene das mans.

– Establecer distancias mínimas de seguridade de polo menos dous metros, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público para evitar a acumulación de persoas nas zonas de acceso, espera e atención ao público.

– Nas mesas e mostradores de atención ao público establecerase unha distancia mínima de 2 metros entre o usuario e o persoal, salvo que se habiliten elementos de protección colectiva no posto en que se realiza a atención ao público.

– Intensificar as actuacións de limpeza e desinfección das zonas comúns e, especialmente, dos postos de traballo e das zonas ou superficies que se tocan con máis frecuencia (pasamáns, ascensores, aseos, pomos das portas ...).

– Ventiláranse de forma frecuente as estancias coa apertura de ventás ou portas, evitando as correntes de aire.

4.3. Medidas de protección individual:

– Extremar as medidas de hixiene respiratoria, como ao tusir cubrir a boca cun pano dun só uso ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evitarase tocar os ollos, o nariz ou a boca.

– Manter unha adecuada e frecuente hixiene de mans como medida principal de prevención e control da infección. Esta hixiene farase con auga e xabón antiséptico ou solución hidroalcohólica. Facilitarase, en todo momento, o acceso aos aseos para lavar as mans con auga e xabón.

– Gardarase en todo momento a distancia de seguridade co demais persoal, tanto na prestación do traballo como na entrada e saída ao posto, así como nos tempos de descanso.

– Extremarase a orde no posto de traballo, solicitando a limpeza e desinfección do posto, se for necesario.



– Os equipos de traballo (ordenador, rato, mesa, teléfono e material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa.

Os usuarios das oficinas de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.

6. Aplicación, extensión de efectos e revisión.

O responsable de cada unidade a que lle resulte de aplicación este protocolo ditará instrucións específicas adaptadas ás peculiaridades da oficina, tendo en conta, entre outras circunstancias, as dimensións da unidade, o número de persoal que desempeña o seu traballo e as súas quendas, a capacidade do recinto dispoñible e o volume de asistencia do público.

As pautas incluídas no presente protocolo son de aplicación aos servizos de rexistro e oficinas de atención á cidadanía, ben que poderán estenderse a outros centros directivos e outras oficinas que realicen actividades de atención ao público.

O presente documento será obxecto de revisión continua en atención ás recomendacións sanitarias.

ANEXO II

Tramitación de garantías en aval e seguro de caución ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia durante a vixencia das medidas restritivas á mobilidade derivadas a consecuencia da declaración do estado de alarma

As entidades que teñen asinado un convenio de colaboración coa Consellería de Facenda poden presentar ante a Caixa Xeral de Depósitos garantías en documento de aval a través de plataforma de presentación telemática de avais da Consellería de Facenda. Na actualidade estas entidades son:

- As sociedades de garantía recíproca: Sogarpo e Afigal.
- As entidades de crédito: Abanca, BBVA e Caixabank.

De xeito excepcional, e durante a vixencia das medidas restritivas á mobilidade derivadas da declaración do estado de alarma, para o resto de entidades habilitase un procedemento excepcional para a presentación de garantías en documento de aval ou de seguro de caución na Caixa Xeral de Depósitos:



1. Condicións de presentación:

– Remisión electrónica: a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia admitirá a presentación de garantías a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (código de procedemento PR004A) dirixida á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

– Simultaneamente poderá enviarse a documentación, mediante correo electrónico, ao seguinte enderezo: caixa.xeral.depositos@conselleriadefacenda.es. Neste caso, deberá xuntarse o xustificante de saída do rexistro electrónico.

2. Documentación que se debe achegar:

A entidade garante (entidade de crédito, entidade aseguradora ou sociedade de garantía recíproca) enviará a seguinte documentación:

– O documento de aval ou certificado de seguro de caución, asinado dixitalmente por apoderados con poder suficiente para obrigar a entidade. As persoas asinantes disporán dun certificado electrónico válido, conforme as previsións normativas nesta materia contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común; na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, e restante normativa aplicable.

— A Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia deberá verificar a suficiencia dos poderes dos asinantes.

3. Constitución de garantías:

Comprobado que se cumpren os requisitos necesarios, a Caixa Xeral de Depósitos expedirá un xustificante acreditativo da constitución da garantía, asinado dixitalmente, que se enviará á entidade garante.

4. Cancelación de garantías:

De acordo coa normativa reguladora das obrigas garantidas, o órgano administrativo á disposición do cal se constituíu a garantía ditará a correspondente orde de cancelación que enviará, a través do rexistro electrónico, á Caixa Xeral de Depósitos.



Tramitada a cancelación, a Caixa Xeral de Depósitos comunicarao á entidade garante.

En ningún caso o órgano administrativo comunicará ao interesado a cancelación dunha garantía sen antes realizar o trámite anterior coa Caixa Xeral de Depósitos.

Para as garantías depositadas segundo este procedemento, non será necesario retirar o documento presentado na Caixa Xeral de Depósitos dado que o xustificante de cancelación da garantía ten pleno poder liberatorio».

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2020

Beatriz Cuiña Barja
Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

CVE-DOG: zv4ruw21-fmj3-sjp1-cs89-akarrgle8jy4

